

accesible, habitable, participativa,  
a cidade imaxinada

diálogos  
25 cidadáns

anos do  
parlamento  
de galicia  
1981-2006  
www.parlamentodegalicia.es

## ACCESIBLE, HABITABLE, PARTICIPATIVA, A CIDADE IMAXINADA. DIÁLOGOS CIDADÁNS

1/2

### O EVENTO

As cidades son espazos para vivir, relacionarse e participar. Espazos de relación entre os seres humanos nun hábitat determinado.

A concentración de poboación nas cidades supón un reto para as novas sociedades. Segundo o Instituto Galego de Estatística, en Galicia, 16 concellos teñen máis de 25.000 habitantes e concentran case a metade da poboación galega.

Ao principio entendíanse as cidades como a ágora, lugar de reunión, de convivencia, de pensar e de decisión. Co paso do tempo, a degradación urbanística e medioambiental, preséntanos cidades sen ordenar, sen directrices nin planificación, lonxe das necesidades dos cidadáns.


É preciso imaxinar, crear, traballar en prol de cidades accesibles, saudables, públicas, solidarias, equitativas, bellas, adecuadas aos costumes e á riqueza espacial.

Cidades para tódolos días, que ofrezan calidade, servizo e atención ás necesidades dos cidadáns e as cidadás.

Cidades nas que as persoas poidan desenvolverse individualmente e no seu conxunto, dun xeito equitativo, máis sostible e máis participativo. Sen guetos para ricos, nin suburbios para pobres.

Cidades que os habitantes sintan como propias, cidades seguras, abarcables e disfrutables, para todos sen excepción.

A distribución e o uso do territorio, a definición funcional dos espazos públicos, a participación cidadá, a saúde das urbes, os instrumentos de ordenación urbanística, a accesibilidade, os individuos e as persoas no seu conxunto, son aspectos ineludibles na recreación das nosas cidades.



accesible, habitable, participativa,  
a cidade imaxinada  
diálogos  
25 cidadáns  
anos do  
parlamento  
de galicia  
1981-2006  
www.parlamentodegalicia.es

## ACCESIBLE, HABITABLE, PARTICIPATIVA, A CIDADE IMAXINADA. DIÁLOGOS CIUDADÁNS

2/2

Debemos traballar na procura de cidades humanizadas, pensadas para o seu uso directo e temporal, nas que os homes e mulleres teñan voz propia, as cidades dos cidadáns. Accesible, habitable, participativa, a cidade imaxinada. Diálogos cidadáns é un evento que durante aproximadamente unha hora combinará jazz, palabra e artes pictóricas.

Retransmitido en directo pola Televisión de Galicia, os oradores convidados imaxinarán cidades, a accesible, a posible, a complexa, a silenciosa, a pública, a bonita, a areal e a cidade dos cidadáns.

A Presidenta do Parlamento de Galicia e o Alcalde de Pontevedra, intervirán no acto no que tamén falarán o arquitecto Pablo Gallego, o xornalista Antonio López, Vanessa Juan, traballadora da Federación a favor das Persoas Xordas de Galicia, Susana Villares, estudante de arquitectura e membro do colectivo Ergosfera, Paulo Fontán, vicepresidente da Asociación de Discapacitados Amizade de Pontevedra e Cristina Andrés, estudante de Belas Artes.

Xunto a eles, durante o desenvolvemento do acto, os alumnos e alumnas da facultade de Belas Artes, darán vida e personalizarán, no escenario, un bosque humano de siluetas, que pasará do branco á cor, do anonimato á singularización.

A música do Trío Abe Rábade e da Ten Jazz Men do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, e diferentes pezas audiovisuais, completan o programa de contigos do evento.

O sábado 28 de outubro, ás 12.30, non centro Social Caixanova de Pontevedra.